



Decreto

Descrición decreto: Nomeamento de funcionario de carreira Técnico de Xestión – AEDL Expediente: 370/2020

D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, no uso das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime Local, emito a presente resolución segundo os seguintes:

Antecedentes Administrativos

1. Oferta de Emprego Pública do Concello de Porto do Son correspondente ao exercicio 2019 (BOP 77 do 24/04/2019)
2. Resolución da Alcaldía núm. 147/2020 do 26/02/2020 pola que se convocan as probas selectivas para o nomeamento en propiedade, Funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión, baixo a denominación "Técnico de xestión-AEDL" mediante procedemento de consolidación de emprego, mediante concurso oposición.
3. Anuncio de Bases de convocatoria publicado no BOP (46 de 09/03/2020), DOG (80 do 27/04/2020) e BOE (159 do 06/06/2020)
4. Resolución da Alcaldía do 07/12/2020 de aprobación da listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos.
5. Resolución da Alcaldía núm. 148/2021 do 28/01/2021, de aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, fixación do Tribunal e sinalamento da data para realización do primeiro exame da fase de oposición.
6. Acta Segunda do Tribunal de Selección, de data de 01/03/2021, emitida tras a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, da que resulta, en resumo o seguinte:

Aspirante	Preguntas correctas	Preguntas incorrectas (erradas ou en branco)	Puntuación sobre 20 puntos
Fernández Río, Orlando	35 (17,50)	5 (-0,50)	17,00
Seijas Arufe, Julio Francisco	39 (19,50)	1	19,50

7. Resolución da Alcaldía 318/2021 do 01/03/2021 de aprobación das notas correspondentes ao primeiro exercicio da fase de oposición, e outorgamento dun prazo de 3 días hábiles aos efectos de presentar alegacións á corrección do primeiro exercicio.
8. Alegación presentada polo aspirante Orlando Fernández Río, con Rexistro de Entrada núm. 367 do 04/03/2021.
9. Acta Terceira do Tribunal de Selección, de data de 05/03/2021, da que resulta, en resumo o seguinte:

"Primeiro: Aceptar a alegación presentada por don Orlando Fernández Río, o día 04/03/2021, con rexistro de entrada núm. 367.

Segundo: En consecuencia co anterior, as notas do primeiro exercicio da fase de oposición, quedarían do seguinte xeito:



Aspirante	Preguntas correctas	Preguntas incorrectas (erradas)	Puntuación sobre 20 puntos
Fernández Río, Orlando	35 (17,50)	2	17,50
Seijas Arufe, Julio Francisco	39 (19,50)	1	19,50

Terceiro: Fixar como data do segundo exame da fase de oposición o vindeiro mércores, día 10 de marzo do 2021, ás 10:00 horas da mañá, no Centro de Interpretación do Castro de Baroña, en Porto do Son”

10. Acta Cuarta do Tribunal de Selección, de data de 10/03/2021, emitida tras a realización do segundo exercicio da fase de oposición, da que resulta, en resumo o seguinte:

Nome	Chamamento	Puntuación no 2º exame da fase de oposición (máximo 40 puntos)
Fernández Río, Orlando	PRESENTADO	37
Seijas Arufe, Julio Francisco	PRESENTADO	37

A puntuación total que acada cada aspirante na fase de oposición é a seguinte:

Nome	Puntuación 1º exame	Puntuación 2º exame	Proba de Galego	Puntuación total (máximo 60)
Seijas Arufe, Julio Francisco	19,50	37	Exento	56,50
Fernández Río, Orlando	17,50	37	Exento	54,50

11. Resolución da Alcaldía do 10/03/2021 de aprobación das notas correspondentes ao segundo exercicio e resultado final da fase de oposición, e outorgamento dun prazo de 3 días hábiles aos efectos de presentar alegacións á dita corrección e resultado final.

12. Alegación presentada polo aspirante Orlando Fernández Río, con Rexistro de Entrada núm. 449 do 15/03/2021.

13. Acta Quinta do Tribunal de Selección, de data de 16/03/2021, da que resulta, en resumo o seguinte:

“Logo da análise da alegación presentada, o Tribunal unanimemente considera que:

1. O aspirante non motiva, nin tan sequera minimamente, a súa alegación.
2. Un dos requisitos básicos e formais de calquera tipo de recurso, reclamación ou alegación é o da súa fundamentación. O artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, sinala que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderá interpoñerse os recursos de alzada e potestativo de reposición, que deberán fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos na propia Lei.
3. A pesares da anterior, o Tribunal procede de novo á lectura do segundo exame do aspirante.
4. Concluída a dita lectura, o Tribunal reafirmase na puntuación outorgada.

Á vista do anterior, o Tribunal por unanimidade propón ao órgano competente: Desestimar a alegación presentada por don Orlando Fernández Río, o día 15/03/2021, con rexistro de entrada núm. 449.”

14. Resolución de Alcaldía 408/2021 do 16 de marzo de 2021 que resolve o seguinte:

Primeiro: Desestimar a alegación presentada por don Orlando Fernández Río, o día 15/03/2021, con rexistro de entrada núm. 449.



Segundo: Aprobar as notas correspondentes ao **segundo exercicio** da fase de oposición do proceso selectivo para o nomeamento en propiedade, Funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión, baixo a denominación "Técnico de xestión-AEDL" mediante procedemento de consolidación de emprego, mediante concurso oposición:

Nome	Chamamento	Puntuación no 2º exame da fase de oposición (máximo 40 puntos)
Fernández Río, Orlando	PRESENTADO	37
Seijas Arufe, Julio Francisco	PRESENTADO	37

Terceiro: Aprobar a puntuación total que acada cada aspirante na **FASE DE OPOSICIÓN** do proceso selectivo para o nomeamento en propiedade, Funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión, baixo a denominación "Técnico de xestión-AEDL" mediante procedemento de consolidación de emprego, mediante concurso oposición:

Nome	Puntuación 1º exame	Puntuación 2º exame	Proba de Galego	Puntuación total (máximo 60)
Seijas Arufe, Julio Francisco	19,50	37	Exento	56,50
Fernández Río, Orlando	17,50	37	Exento	54,50

Cuarto: Finalizar a fase de oposición e, na aplicación da Base 18ª, proceder á apertura da fase de concurso."

15. Acta Sexta do Tribunal de Selección, de data de 18/03/2021, da que resulta, en resumo o seguinte

"PRIMEIRO: Aprobar a puntuación que acada cada aspirante na fase de concurso:

Nome	Puntuación Fase de Concurso (máximo 40 puntos)
Seijas Arufe, Julio Francisco	40
Fernández Río, Orlando	0

SEGUNDO: Aprobar a puntuación total que acada cada aspirante no proceso selectivo, así como orde de prelación entre eles:

Prelación	Nome	Puntuación total FASE DE OPOSICIÓN (máximo 60)	Puntuación total FASE DE CONCURSO (máximo 40)	PUNTUACIÓN TOTAL PROCESO SELECTIVO
1º	Seijas Arufe, Julio Francisco	56,50	40	96,50
2º	Fernández Río, Orlando	54,50	0	54,50

TERCEIRO: Publicar o resultado do proceso selectivo no Taboleiro de Edictos e páxina web (Portal de Emprego) para xeral coñecemento de calquera interesado.


CUARTO: Nomear funcionario de carreira, pertencente ao grupo A, subgrupo A2, Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión, baixo a denominación "Técnico de Xestión - AEDL" ao aspirante JULIO FRANCISCO SEIJAS ARUFE, con DNI núm. 76776398Y."

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia

Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e da provisión de postos de traballo e





promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 10 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Nomear, a proposta do órgano de selección cualificador da correspondente proba selectiva da oferta de emprego público correspondente ao ano 2019, o nomeamento de funcionario de carreira para a seguinte praza, a favor da persoa relacionada a continuación:

Persoal: funcionario Escala: administración xeral Subescala: xestión Clase: AEDL Código do posto: Secretaría 1002 Nome e apelidos: JULIO FRANCISCO SEIJAS ARUFE DNI: 76776398Y
--

SEGUNDO. – De acordo coa base vixésimo segunda que rexe o proceso selectivo:

1. O Tribunal remitirá a relación definitiva do aspirante proposto para cubrir a praza obxecto da convocatoria, a favor do aspirante que obtivese a maior puntuación total.
2. A resolución do Tribunal será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.
3. O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas obxecto da convocatoria.

Para a adquisición da condición de funcionario de carreira, deberá cumprir os requisitos esixidos no artigo 60 da Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

Na toma de posesión terá que efectuar o acto de acatamento da Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como de compromiso de exercer con imparcialidade as súas función conforme á fórmula contida no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril.

TERCEIRO. Requerir ao aspirante proposto para o seu nomeamento para que presente, no prazo de 20 días naturais desde a notificación desta resolución, os documentos que acrediten que reúne os requisitos e condicións esixidos na convocatoria do proceso selectivo e unha vez acreditados publicar o nomeamento no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, no DOG, na web municipal “www.portodoson.gal” (no portal de emprego) e no taboleiro de edictos do concello (Sede electrónica) conforme ao establecido no artigo 25 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, en relación co artigo 134.2 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 10 de abril.

CUARTO. Notificarlle esta resolución ao interesado advertíndolle de que esta resolución ponlle fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderán interpoñer contra esta resolución un recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.





Porto do Son, na data da sinatura dixital.

O Alcalde-Presidente
José Luis Oujo Pouso

A Secretaria, que da fe.
Lucía Artime Alonso

